

Presenza da cultura galega no exterior

Xosé Luís Franco Grande

1. Limiar

Entendemos aquí por cultura galega todo canto a nosa sociedade creou, dende as formas máis rudimentarias do que podemos chamar cultura material ata as máis requintadas da cultura escrita, da arquitectura ou da pintura. Ou sexa, o noso concepto abrangue tanto a cultura no sentido humanista tradicional como a cultura en canto manifestación espontánea, non culta, da sociedade galega. Pois cultura galega son os cancioneiros de poesía medieval e o Pórtico da Gloria, a pintura de Colmeiro ou de Maside, mais tamén as diversas manifestacións comunitarias do dereito propio de Galicia e os pedreiros de Cotovade ou os oleiros de Buño.

Nada se opón, antes ben debe subliñarse o seu interese, a que a presenza da cultura galega no exterior comprenda esa diversidade de eidos culturais, pois se queremos salienta a súa entidade, a súa importancia e a súa proxección máis alá dos nosos lindes naturais ou xeográficos –isto é, Galicia como totalidade–, todas esas manifestacións do xenio galego deben sumárense, sen que se xustifique ningunha exclusión. A idea de totalidade da nosa cultura, pois, preside os alicerces mesmos das ideas que procuraremos desenvolver nestas notas.

Ou, dito, doutra maneira, cando nos referimos a cultura galega estamos sinalando Galicia, pois esta é por riba de todo a súa cultura. Se suprimimos esta só nos queda un territorio. Pero non un pobo.

2. Voltas e revoltas no camiño

Se tomamos a publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía como data de inicio do galeguismo e, por tanto, da toma de conciencia de Galicia como pobo con personalidade propia e disposto a desenvolvela, non hai dúbida que de entón ata os nosos días a cultura galega conseguiu unhas achegas que son o noso acervo cultural moderno. Como non podería ser doutra maneira, esas achegas culturais constitúen a cultura galega moderna.

Se poderamos imaxinar unha Galicia sen esa cultura, o único que poderíamos obter non sería senón un territorio. Pero non un pobo. Por iso, Galicia é a súa cultura.

Por máis evidente e manifesto que isto sexa así, non estará de máis telo moi presente, pois xusto entre nós (o que pode dar unha idea da indixencia cultural do país) tense dado un extravagante andazo que xentes que, dicíndose de cultura ou atribuíndose unha sospeitosa condición de políticos, e aínda de pa-

triotas galegos, o que xa é demasiado, teñen censurado unha e outra vez, e en cantos foros lles foi posible, a dedicación dos homes que na difícil e escura posguerra puxeron de novo os alicerces do reencontro de Galicia consigo mesma, traballaron arreo pola continuidade da nosa cultura e fixeron canto estivo nas súas mans para que o país, de novo, seguise o seu camiño cara ao pleno desenvolvemento da súa realidade integral.

Unhas das meirandes miserias e baixeiras de certa intelectualidade que a si mesma se conceptúa como de esquerdas e ten como de dereitas aos que queimaron as súas vidas en posibilitar a continuidade do galeguismo despois da guerra civil, é para min, non a incapacidade de non ver isto así, senón o ter posto en circulación, con saña torticeira e por tanto antipatriótica, conceptos baleiros como “culturalismo”, “piñeirismo”, “ensaísmo galaxiano” e outras lindezas, como ideas contrarias a actividade, pragmatismo ou acción política. A estas alturas do noso tempo penso que xa ninguén cunha mínima capacidade de raciocinio pode descoñecer que uns fixeron gran política, de moi longo alcance, mentres que os outros –os supostos pragmáticos e políticos– quedaban no seu delirio reducidos á mínima expresión política, isto é, fóra de toda representación parlamentaria, galega ou española.

Dos primeiros quedounos asegurada a continuidade. Dos segundos, eles saberán o que, que nolo digan.

Un andazo de sectarismo político embazou tamén, unha e outra vez, a cultura galega do noso tempo. A cultura está perdida se lle aplicamos criterios de sectarismo político, maiormente se eses criterios pretenden pasar por baremos valorativos. Nada máis doado que ir sinalando nas manifestacións culturais galegas –e xa non digamos no suposto concreto das nosas letras– os resaibos de ideoloxías baleiras ou mal dixeridas, conforme aos que un escritor é importante se anda dentro de certas órbitas ideolóxicas, non merecendo maior atención no caso de que se mova fóra delas.

A cultura galega do noso tempo, pois, non só tivo que loitar coas dificultades propias dun réxime represivo e brutal, senón que, ademais, estivo moi lonxe de contar coa solidariedade de moitos supostos galeguistas do interior, entregados, ao parecer, a cambiar o mundo e a seguir o que eles chamaban o vento da historia –que tamén eles saberán en que consistiu.

E aínda así, a cultura galega deses tempos é de consideración, penso que ten achegado certa orixinalidade ao noso acervo espiritual e que ao menos conseguiu un avance: expresar novos contidos, desenvolver novos xéneros, emparellarse cos movementos do noso mundo. En gran medida, deixou de ser “provincial” cando outras, como a castelán –por exemplo, na década dos cincuenta– distaban bastante de seren modernas.

Case século e medio ten de vida a cultura galega moderna. E non é, cousa moi importante, unha cultura “normal”. Porque se foi desenvolvendo sempre, como é sabido, en circunstancias anómalas e anormais. Por suposto que isto deixou nela un moi sinalado calco que cómpre ter moi en conta.

Pero, con todo, esa cultura por forza terá que estar presente no exterior. O contrario, non só non tería sentido, senón que sería oposto á idea mesma de cultura, que, dunha maneira ou doutra, terá sempre que estar en contacto máis ou menos estreito coas demais.

E diso se trata agora: de considerar se estamos en condicións de que a nosa cultura resista a aproba da su presenza exterior. Trataremos de expoñer as nosas ideas a seguir.

3. Presenza exterior da cultura galega

Diríamos que o primeiro de todo para nós é comunicar no exterior unha idea total da cultura galega, no sentido totalizador que ao primeiro dixemos, dende os tempos prehistóricos aos nosos días, con todas as vicisitudes, voltas e reviravoltas que o noso pobo debeu seguir no seu paso pola Historia. Esa será a gran imaxe de Galicia no exterior. En realidade, a única imaxe verdadeira posible.

Non podo ocultar que tal cousa agocha algunha dificultade que haberá que, polo menos, ter en conta, ou partir delas, ou, cando menos, non descoñecer. Maiormente, a canto se refire ao desenvolvemento da nosa cultura nos últimos tempos, incluída a actualidade de agora mesmo.

Porque dar unha idea do pasado non ten maior dificultade, nin comporta tampouco grandes riscos, sempre que se transmita a idea de cultura feita en circunstancias anómalas, como debe ser. Pero, en canto á imaxe que se dea no exterior, parécese que vai ser de moita máis interese a actualidade. E esta é sempre, por falta da desexable perspectiva, máis difícil de comunicar.

Non é pequeno problema transmitir hoxe, dende o estado de compracencia en que nos atopamos, unha idea equilibrada da cultura galega. Téñome referido a isto en moitas ocasións e, por forza, terei que manter as mesmas posicións e aducir os mesmos ou semellantes argumentos. Porque, ao meu ver, é moi importante. E porque, ademais, temos aquí carencias que poden moi ben reflectir unha imaxe no exterior non desexada ou –o que sería peor aínda– dunha cultura provinciana, subsidiaria –rexional.

Tratarei de aclararme.

4. Cultura e política

Pode que a cultura galega, en canto a este apartado que agora quixeramos desenvolver, non se encontre en peor situación que a castelán ou calquera outra. Para min é un feito que, cos tempos que corren e nun país deficitario en política en tantas décadas, a política ten sido un mal exemplo ou un pésimo espello para a cultura.

Cultura e política son eidos que moi dificilmente poden concordar. A cultura é un labor lento, de demorados pousos, afastada de improvisacións. A política, pola

contra, require axilidade, improvisación e non pousos e moito cinismo. Calquera destas características, aplicadas á cultura, xerarían outra cousa, un espantallo que, ao mellor, pouco ou nada tería que ver nin coa cultura nin coa política.

Pero non hai dúbida que a política tentou e segue tentando a tantos homes de cultura que un, cando menos, queda perplexo. Por exemplo, a idea do politicamente correcto, da necesidade de transmitir signos que se din positivos, o medo á crítica... que un aceptaba como algo inherente de xeito natural á actividade política, son agora exercidos e exercitados polos nosos homes de cultura, polo que se chega a iso que algunha vez teño denominado estado de compracencia –algo moi grave porque o estado de compracencia significa polo xeral a morte da cultura.

Dito doutra maneira, ese estado de compracencia, evidente entre nós –aquí temos algúns Tolstoi, algún Stendhal, e xa non falemos dos que saen dos innumerables concursos que campan ao longo e ao ancho do país, que sempre son xeniais, anovadores e rompedores–, en canto se afasta da crítica e da autocrítica é o mellor signo da morte de cultura. Non pode haber cultura se carecemos de crítica e de autocrítica –dunha e da outra.

Penso que será moi difícil, por non dicir imposible, saír dese estado de compracencia que nos obnubila, que nos fai ver unha cultura chea de vigor cando está máis e chea de problemas e de carencias a non ser que xorda unha crítica verdadeira, que axude a poñer as cousas no seu lugar e que, tamén si, a ler e a comprender, que boa falta fai.

Polo tanto, a min paréceme que pode ser un fracaso na proxección exterior da cultura galega se non somos quen de empezar a situala no seu lugar. Só a crítica o pode facer, unha crítica á que ninguén debe ter medo, que máis ben debe procurala, que lle debe servir de contraste e de clarificación. Se non se resiste a crítica –e o estado de compracencia semella ser eido idóneo para eludila–, dubido que ningunha obra de creación poida ter entidade.

Por suposto que a obra de creación ten que xurdir da autocrítica –e se esta non existe tampouco aquela pode existir–; pero a crítica, que ten o seu campo fóra da obra de creación e é posterior a ela, é a que pon as cousas no seu lugar.

No canto de exercitar a crítica facemos outras cousas que nada teñen que ver con ela e que non axudan á obra de creación nin á cultura en xeral. Por exemplo, é común substituír a crítica polo “botafumeiro”, pola mercadotecnia ou aínda tamén polas consignas (quen non lembra aquela consigna de promover a un poetastro noso para un pretendido honor de “poeta nacional”?). Todo iso está ben como sainete, como trangallada, pero non como actos que axuden a dar entidade a unha cultura. Xusto é a crítica a que ten que evitar que nos convertamos nun sainete que estragaría calquera manifestación exterior da nosa cultura.

Penso que na sociedade galega non están nada claras estas dúas cousas, que non se viven como algo propio, que se senten como algo que non vai con nós e que non nos decatamos da importancia que teñen: a nosa cultura ten que ter presenza no exterior, pois noutro caso quedemos pechados en nós mesmos e, nun mundo tan

estritamente interdependente, quedaríamos convertidos nunha illa –á par que nos privariamos dos beneficios dos recíprocos intercambios culturais–, verdadeiramente alleos ao mundo. Pero, para ter realmente esa presenza, cómpre que a nosa cultura teña entidade bastante e acadese uns niveis que permitan, e mesmo xustifiquen, esa presenza nosa no mundo.

De termos a crítica que unha e outra vez reclamamos, polo ben da cultura galega e non por amolar, como pensan algúns insensatos moi ben instalados no estado de compracencia, de certo que tería sido máis doado saber se podemos manter esa presenza no mundo ou se temos que renunciar a facelo. Porque é manifesto que, para poder levar a cabo esa presenza, cómpre dispoñer de referencias o máis seguras posibles. Sen elas, o fracaso pode virsenos enriba.

En calquera caso, tamén é claro que esa presenza é indispensable. E que non queda máis remedio que correr o risco de acometela, de sostela e de mantela. E se non podemos, ou non sabemos executala, é que estamos mortos.

5. Medios e maneiras

Cando nos referimos á presenza exterior da nosa cultura estamos aludindo a algo moito máis que a exportar cultura, que iso é outra cousa. Iso poden facelo os franceses e os ingleses, e poucos máis. Miramos máis ben a unha permanencia do noso estar no mundo, a un estar permanente nel, a que se saiba sen maior dificultade da nosa existencia.

Son moitos os medios que están ao noso dispor a eses fins. Xa non se trata tan só de coidar a nosa asistencia a exposicións internacionais e outros eventos semellantes, nin a promover traducións das obras que pague a pena, nin a promover lectorados de galego nos centros universitarios de por aí adiante. Por suposto que iso tamén, e moito máis. Pero hoxe contamos con medios novos que, ao noso ver, non se empregan en todas as súas posibilidades. Por exemplo, a rede de Internet. É certo que cada centro cultural noso, todos ou moitos ou algúns, teñen a súa páxina web, pero iso non abonda, nin é tampouco o caso.

Pensamos en supostos concretos, porque nos demostran que se pode facer. Paréceme paradigmático o caso do IGADI, que, entre outras cousas, conseguiu que hoxe esteamos presentes no mundo enteiro. Non teño a menor dúbida que conseguiu unha presenza de Galicia no mundo como ningún outro organismo cultural galego. Ningunha Universidade, ningunha Academia, ningún centro cultural fixo tanto por levar, entre outros moitos aspectos, a presenza de Galicia ao exterior, á par que nos trouxo unha visión galega do mundo exterior.

A finalidade do IGADI é a política exterior, que dende Galicia poidamos ter unha idea do mundo que se está formando no noso tempo, e que a teñamos con visión nosa e non importado ou imposta. Algo semellante, só con adaptación á nosa cultura, está pendente e reclama a nosa atención.

Paréceme que ben se podería crear un organismo a estes fin para que levase a cabo tan fermoso empeño. Coido que non poder ser un labor ciscado entre diversos organismos, como dunha maneira primaria e ben facareña está sucedendo hoxe, pois ninguén, en realidade, ten como obxectivo principal manter no exterior a presenza da nosa cultura. Un organismo que haberá que crear, deseñar e fornecer. Del vai depender o éxito da nosa proxección cultural no mundo. Non é pouca a responsabilidade que lle caerá enriba. Pero tamén un fermoso e excitante labor.

Non nos facemos ningunha ilusión: os poderes autonómicos, que deberan alentar e manter estes proxectos, non teñen a menor sensibilidade ao respecto. Nin se decatan sequer de que apoiar unha iniciativa como a que propoñemos beneficiaría a eles, e a todos, porque beneficiaría ao país. Pero si que deberan ter esa sensibilidade os galegos que pensan no porvir, e no presente, deste país. Pero ese provir, en boa parte, depende de que saibamos manter no mundo esa presenza, sen necesidade de adoutrinar a ninguén para demostrar a súa existencia, a súa realidade e o respecto que para ela reclamamos; que en calquera parte do mundo se acepte sen esforzo e sen cuestionala por non ser unha cultura “estatal”; que pola súa presenza mesma leve á aceptación dos demais.

Outras accións poden ser secundarias, pero non se poden esquecer. Temos, por exemplo, o caso ben recente orixinado polas manifestacións pouco afortunadas de Steiner, quen opuxo a importancia da cultura catalá á escasa que lle merecía a galega. Todo ten a súa explicación: Steiner foi sempre moi agasallado en Cataluña, foi convidado a intervir en diversos actos e dalgunha maneira a participar na cultura do país, como tantos outras personalidades, entre as que podemos lembrar os Premios Cataluña concedidos a Karl Popper, Andrea Riccardi, Cousteau, Edgar Morin, Mstislav Rostropovich, Amos Oz ou Harold Bloom, entre outros. Nada fixemos nós, nin de lonxe, que se lle pareza. De telo feito, seguro que as manifestacións de Steiner non se terían producido no sentido que se produciron. E non custaba tanto telo feito. Queremos dicir con isto que cómpre idear accións que tendan a manter viva a nosa presenza cultural no mundo. Entre as moitas que cabería levar a bo termo pódense ter en conta as antes ditas.

Pode que unha das moitas iniciativas que caiba a eses fins é manter un equipo, dentro ou fóra do organismo a que fixemos referencia nos parágrafos precedentes, que propoña e promova accións desa e doutra natureza. As posibilidades son infinitas. Pero o que non pode ser é quedarnos calados, inactivos e, logo, queixarnos porque nos descoñecen. Estou certo de que Steiner estaría moi ledo de poder dicir de Galicia o mesmo que dixo de Cataluña. Pero concordaremos que os galegos non soubemos actuar co pragmatismo e coa intelixencia dos cataláns. Queixémonos de nós mesmos, non de Steiner.

En calquera caso, as iniciativas, se temos claro que cómpre chegar a que a cultura galega teña no mundo a presenza que nós coidamos que debe ter, sen dúbida que chegarán. Virán de seu, pero a condición de que dispoñamos das institucións axeitadas ou dos aparellos idóneos para que esa presenza poida chegar a ser unha realidade.

O eixo do noso razoamento é, pois, que, con centro especial de promoción da nosa presenza no mundo, ou sen el –se ben isto último seméllame pouco práctico–, debemos promover iniciativas moi diversas que aseguren esa presenza –sen prexuízo, claro é, das que dunha banda ou doutra da nosa actividade cultural se poidan producir.

Tampouco debemos esquecer que, como ben demostrou o profesor C. Ulises Moulines no seu “Manifesto Nacionalista”, o nacionalismo, en canto doutrina que mira á solución dos problemas das nacións sen Estado, é sempre internacionalista. E o galego, en todas as súas en todas as formas que colleu no seu decorrer, foino sempre, e conforme ás realidades políticas e culturais do momento histórico, como é ben doado verificar. Por iso, no día de hoxe, pode, e debe, contar cun medio máis de seguir séndoo, e aínda para melloralo, se sabemos aproveitar o inmenso e aberto mundo das novas tecnoloxías para acadar unha máis forte e consciente presenza exterior. E cunha novidade: que se deica hoxe soubemos enxertar a nosa creación cultural nos diversos momentos históricos que nos tocou vivir, de agora en diante, ademais de seguir nese camiño de sempre, cómprenos, ata certo punto facer o camiño inverso (que tampouco o é verdadeiramente, senón consecuencia das novas realidades históricas e culturais que estamos vivindo e que por moito tempo é previsible que sigamos experimentando): manter a nosa presenza cara a fóra, entre as demais culturas dos diversos pobos da Humanidade.

6. Beneficios para a cultura galega

Toda cultura é sempre un pouso de influencias e de relacións con outras. Esta presenza permanente que postulamos traeranos moitos beneficios. En primeiro termo, o de estar máis estreitamente relacionados cun mundo cada vez máis á man, máis preto de nós, máis coñecido; levaranos tamén a revisar o noso estado de com-pracencia, orixe da ausencia de crítica e de autocrítica que aquí padecemos, e, por iso mesmo, contribuiría a que a nosa cultura sexa máis viva, máis vizosa, máis verdadeira; levaranos a ser moito máis responsables, a deixar as consignas, a valorar mellor aos que dedicaron a súa vida á nosa cultura e, ás veces, pagaron con grandes sacrificios os seus ideais; fará posible, ao cabo, que sexamos máis e mellor coñecidos e esteamos nós máis e mellor informados, e en máis estreito contacto, co mundo ao que pertencemos.

Pero o ben mellor será para a cultura galega.

Xosé Luís Franco Grande é escritor.